



EXCMO. CONCELLO DE TUI

## **ANUNCIO**

Con data 14 de agosto de 2017 se dita resolución de Alcaldía, ós efectos de convocatoria da mesa de contratación do servizo **“Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui”**, nos seguintes termos:

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-Convocatoria da mesa de contratación do servizo “Elaboración de inventario de Camiños e vías municipais do Concello de Tui”**

Realizado en acto público, o día 6 de xuño de 2017, en relación ó contrato do servizo “Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui” apertura correspondente ó sobre nº3 – Criterios na que a ponderación depende dun xuízo de valor – “Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos”- e unha vez que se procedeu a emitir informe valorativo polo técnico municipal membro da mesa, ós efectos de continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar á Mesa de contratación do servizo “Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui”, en acto non público, para o vindeiro **mércores, día 16, ás 9:30 horas** para posta en coñecemento de informe valorativo emitido polo técnico municipal e outorgamento de puntuacións pola Mesa ó sobre nº3 – Criterios na que a ponderación depende dun xuízo de valor – “Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos”.

**SEGUNDO.-** Convocar á Mesa de Contratación do servizo “Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui”, en acto público, para o vindeiro **mércores, día 16, ás 10,00 horas** para apertura do sobre nº2 – “Proposición económica/criterios valorables mediante aplicación dunha fórmula” – que contén: oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, de conformidade ó modelo que se incorpora como Anexo II.

**TERCEIRO.-** Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante e dar traslado ós membros da Mesa.”

O que se comunica para coñecemento e efectos.

En Tui, o Alcalde, Enrique Cabaleiro González.  
Documento asinado dixitalmente á marxe